



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Contabilidade Financeira II | Código | 611G02018 | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Gomez Rodriguez, María Luz | Correo electrónico | luz.gomez@udc.es | |
| Profesorado | Alvarez Dominguez, Maria America Fernández Rodríguez, María Teresa Gomez Rodriguez, Maria Luz Ruiz Lamas, Fernando | Correo electrónico | america.alvarez@udc.es m.fernandezr@udc.es luz.gomez@udc.es fernando.ruiz@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Continuar o proceso de aprendizaxe iniciado na materia Contabilidade Financeira I, sobre a elaboración e comunicación da información contable, así como facilitar que o alumno se familiarice coa normativa contable e as súas consecuencias sobre as cifras recollidas nos estados financeiros. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades. |
| A2 | Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada. |
| A3 | Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa. |
| A4 | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados. |
| A5 | Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa. |
| A6 | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido. |
| A7 | Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía. |
| A8 | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais. |
| A9 | Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional. |
| A10 | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés |
| A11 | Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. |
| A12 | Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo. |
| B1 | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo |
| B3 | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais |
| B7 | CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización |
| B8 | CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas. |



| | |
|-----|--|
| B10 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|-----------------------|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Interpretar as transaccións económico-financeiras no contexto do marco conceptual | A1 A3 A6 A8 A9 A10 A12 | B1 B7 | C4 C6 C7 C8 |
| Coñecer as consecuencias da aplicación do marco conceptual e as normas contables nos estados financeiros | A3 A4 A6 A8 A10 A12 | B2 B4 B5 B10 | C4 C5 C6 C7 C8 |
| Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos. | A2 A5 A6 A7 A9 A10 A11 | B3 | C6 |
| Capacidade para traballar en equipo, de maneira consultiva. | A12 | B6 | C4 C6 |
| Habilidade para presentar, discutir e defender puntos de vista diferentes. | A12 | B8 | C1 C4 C6 |
| Ter un comportamento ético nos negocios | | | C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| PARTE I: A CONTABILIDADE FINANCEIRA COMO PARTE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DA EMPRESA | PARTE I |
| A Contabilidade Financeira como sistema de información cara aos usuarios externos. A normalización contable | Conceito e importancia. Normativa contable española e internacional. O Plan Xeral de Contabilidade. |



| | |
|---|---|
| A Contabilidade Financeira como sistema de información para a xestión empresarial | A conta como elemento base do sistema de información interno Cadro de contas personalizado. Boas prácticas. |
| PARTE II. A PROBLEMÁTICA CONTABLE DOS PRINCIPAIS ELEMENTOS PATRIMONIAIS | PARTE II |
| Existencias | Conceito e tipos. Recoñecemento de compras e ingresos. A problemática da valoración. |
| Debedores e acreedores comerciais | Tipos. Recoñecemento e valoración. Xestión dos dereitos de cobro. |
| Inmobilizado | Tanxible e intanxible. Recoñecemento e valoración. |
| Axustes de valor dos activos: Deterioros | Recoñecemento e valoración. O principio de prudencia. Deterioro do activo circulante. Deterioro do inmovilizado. |
| Instrumentos financeiros | Conceito e clasificación. Recoñecemento e valoración. Activos e pasivos a coste amortizado. |
| Provisions | Conceito. Recoñecemento e valoración. Provisions a curto e a longo prazo. |
| Imposto de sociedades | Marco xeral. Recoñecemento do gasto por imposto sobre beneficios. Método do efecto impositivo baseado no Balance. |
| Fontes de financiación propia | Aportación de socios. A autofinanciación. Subvencions de capital. |
| PARTE III. A CONTABILIDADE NO ENTORNO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DA EMPRESA | PARTE III |
| Software contable | Características. Evaluación. Automatización de tarefas. |
| O Sistema de Información Contable en relación con outros sistemas de información da xestión empresarial | Xestión de almacens. Xestión de contas con terceiros. Xestión de persoal e nóminas. Xestión comercial. |
| Organización das tarefas de rexistro e verificación contables | Conciliacións e xustificación de saldos. Liquidación de impostos. Auditoria. |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A3 A6 A7 B4 B7 | 18 | 36 | 54 |
| Discusión dirixida | A2 A12 B2 B5 B10 C1 C4 C6 C7 | 6 | 19 | 25 |
| Obradoiro | A5 A9 A10 A11 B6 B8 C5 C8 | 19 | 38 | 57 |



| | | | | |
|------------------------|--|----|---|----|
| Proba mixta | A1 A4 A5 A8 A9 A10 A11 B1 B3 B6 B8 C5 C8 | 10 | 0 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | O profesor expón os conceptos teórico-prácticos do programa |
| Discusión dirixida | Preparación dos temas propostos polo profesor e participación na discusión dos mesmos na aula. |
| Obradoiro | Resolución de exercicios e casos prácticos en grupo, tanto na aula coma fora dela, con apoio do profesor. As titorías en grupo reducido (TGRs) realizaranse en seminarios, preferentemente presenciais, de non ser posible faranse en Teams. Estas dividiranse en dúas sesións de dúas horas cada unha. O día, a hora e o lugar das mesmas serán comunicados ao alumnado con antelación suficiente. |
| Proba mixta | Probas de avaliación continua. Examen final en primeira e segunda oportunidade. As probas, tanto da avaliación continua como os exames finais, poden ser escritos, orales ou en Moodle. Os contidos referidos a materia poden ser plantexados en termos teóricos, prácticos ou como unha combinación teórico-práctica. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Discusión dirixida | Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e problemas contables tratados durante o curso. Para isto, o alumno será guiado polo profesor de xeito que poda chegar á solución ou solucións dos problemas que se lle propoñen. |
| Obradoiro | Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor nos primeiros dez días do cuadrimestre en que a materia se imparte, coa finalidade de fixar o devandito calendario. As titorías serán en Teams. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A1 A4 A5 A8 A9 A10 A11 B1 B3 B6 B8 C5 C8 | Primeira oportunidade: 50% a avaliación continua e 50% proba mixta (examen). Segunda oportunidade: 100% Proba mixta (examen) sobre os contidos da materia. Na segunda oportunidade non se conserva a puntuación obtida na avaliación continua xa que se substitúe pola nota do exame final puntuado co 100%. Para poder apreciar competencias lingüísticas, as probas de avaliación, no grupo con docencia en inglés, poderán ter un formato diferente ás realizadas nos demais grupos. | 100 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



A.

NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1.

Condições de avaliación: está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información, excepto nas probas que se realicen en Moodle. Neste último caso, indicarase ao alumno con qué tipo de dispositivo pode acceder ao examen.

2.

Identificación do alumno: o alumno deberá acreditar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B.

TIPOS DE CUALIFICACIÓN

1.

Cualificación de non presentado: corresponde ao alumno, cando só participa en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, independentemente da cualificación acadada.

2.

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención de asistencia: agás para as datas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor da materia nos primeiros dez días do cuadrimestre en que a materia se imparte, coa finalidade de fixar o devandito calendario. As probas terán o mesmo formato que para os alumnos con dedicación a tempo completo.

3.

As probas realizadas en fraude (suplantación de identidade, copia, acceso ao examen desde lugar non autorizado ou sin permiso previo ?) supoñen a cualificación de cero puntos na avaliación final, independentemente de que a situación de fraude se de nunha proba de avaliación continua ou en examen final.

C. OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN

1.

Primeira e segunda oportunidades: aplicaránse os criterios de avaliación indicados anteriormente nesta sección.

2.

Convocatoria adiantada: na convocatoria adiantada, e só neste caso, realizarase unha proba mixta encamiñada a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia. Os criterios de puntuación de dita proba daranse a coñecer no momento da proba e subministraranse xunto co enunciado desta.

D. OUTRAS

OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

1. Débese ter en conta a

importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.

2. Traballarase para identificar

e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

3. Facilitarase a plena

integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou



socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Amador Fernández, S. y Carazo González, I (2011). Plan general de contabilidad: comentarios y casos prácticos Contable. Centro de Estudios Financieros- Muñoz Jiménez, José (Coord.) (2008). Contabilidad financiera. Pearson- Cervera Oliver, Mercedes; González García, Ángel; Romano Aparicio, Javier (2017). Contabilidad financiera . Centro de Estudios Financieros- Phillips, F.; Libby, R. and Libby, P.a. (2007). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw-Hill- Sutton, Tim (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting.. Prentice Hall |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Horngren, C.T.; Harrison, W.T y Bamber, L. S. (2003). Contabilidad. Pearson |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das Operacións Financeiras/611G02004
Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008
Contabilidade Financeira I/611G02013

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Contabilidade das Operacións Societarias/611G02027

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías